

# Corpos roubados

**Raquel VILA AMADO**

Universidade de Santiago de Compostela  
Instituto da Lingua Galega  
raquel.vila.amado@usc.es

As primeiras xeracións de seres humanos, aqueles que foron quen de desenvolver o maior avance da nosa evolución, a creación da linguaxe articulada, tiveron a oportunidade de ser protagonistas dun momento apaixonante e que non se volverá repetir: poñerse nome a si mesmos e ós seres que os rodeaban, ós elementos e ós fenómenos da natureza, ás emocións, ós sentimentos... Ás cousas todas, visibles ou non, que conforman o mundo, a vida.

Non hai modo de saber cal sería a orde en que ese labor foi realizado. Seguramente en cada cultura ou comunidade as preferencias eran unhas, en función das súas necesidades ou dos seus intereses: a guerra, a caza, o grupo, a supervivencia, o concreto ou o abstracto. Pero non hai dúbida de que entre aquilo que primeiro se *nomeou* (no seu sentido primixenio de outorgarlle un nome) estaban as partes do corpo, aínda que só fose por curiosidade polo propio ou proximidade, por telas máis á man.

Por este motivo, por facer referencia ó que nós mesmos somos, o nome das partes do corpo constitúe un campo esencial (*fulcral*, dirían os clásicos) do léxico dun idioma. E o galego, como as demais linguas, desenvolveu unha inxente variedade de termos para apprehender o que o ser humano é no seu plano físico. A lista é tan extensa que se podería publicar un dicionario de galego dedicado só a falar das partes do corpo, cos seus sinónimos, as súas variantes dialectais e as súas formas cultas,

populares, eufemísticas ou mesmo lúdicas: os nomes dos dedos, do *maimiño* ó *cachapio-llos*, son unha mostra exquisita dese labor de creación colectiva. E falando de dedos, os nosos devanceiros decidiron que era máis operativo distinguir entre os das mans e os dos pés, de xeito que os galegos temos dedos e dedas, para que non se diga.

Pero os séculos de desprazamento que viviu o galego no seu propio ámbito deixaron a súa pegada tamén nesta parte, mediante a substitución dos termos de noso por outros tomados do castelán. Deste xeito, mesmo os falantes de galego menos contaminados por esta enxurrada de termos foráneos cambiaron os xeonllos por *rodillas*, os cóbados por *codos*, os nocellos por *tobillos*, os pulsos por *muñecas*. Non quedou unha soa articulación por desarticular.

Nisto talvez tivo máis culpa a Igrexa, coa súa teima de poñernos *de rodillas*; quizais foi máis cousa da escola, onde os nenos tiñan que sentar coa *espalda recta* e se castigaban cos *nudillos* as respostas erradas; se cadra do exército, co seu *cuervo a tierra!*; ou mesmo de ben intencionados médicos e demais sandadores, que foron dando entrada ós novos vocábulos ó tempo que lles sacaban as *muelas* ós doentes e curaban con mel e bafos as *gargantas* acatarradas. Sexa como fose, o labor foi inexorable e eficazísimo e o *corpus* da lingua foise desmembrando paseniño.

Así, os cadrís, o lomedro, as virillas, as coxas, as illargas, a ingua, as vidallas, a caluga, a sofraxe, o calcañar..., todo o que soase galego de máis foi desaparecendo da lingua en todos os seus niveis e ámbitos de uso. Deste estrago silencioso só se libraron as partes nas que a orixe latina común fixo que o seu nome coincidise ou se aproximase ó castelán (cabeza, ollos, brazos, pernas, pés...) ou aquelas zonas ás que, por pudor ou recato, a longa man das institucións castradoras non deu chegado.

A lingua é a maior obra colectiva dun pobo, a que máis e mellor nos representa ante nós

mesmos e ante o mundo. E unha lingua na que a parte que empregamos para referirmonos a nós mesmos foi sistematicamente substituída polo léxico doutra está eivada na súa cerna. Non somos pínegas, nin augamares, nin gradicelas que recuperan os seus membros cando os perden: no noso caso, cada membro cernado fica perdido e nós ficamos tolleitos para sempre. Fóronnos roubando o corpo a anacos, parte por parte e palabra por palabra. Pero desta volta estamos a tempo de recuperalo, de sacalo da súa vaíña, antes de que o coman os vermes do esquecemento.